

**PROCEDEMENTO:** CT207M– Subvencións a salas de exhibición cinematográfica establecidas en Galicia para proxectos de innovación, funcionamento dixitalizado e sustentable, creación e fidelización de públicos e adaptación aos novos hábitos de consumo audiovisual.

**ASUNTO:** Resolución de concesión de axuda

### ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

1. O compoñente 25, Spain Audiovisual Hub, integrante da política panca IX de impulso da industria cultural e do deporte do Plan nacional de recuperación, transformación e resiliencia, recolle reformas e investimentos orientados a mellorar a competitividade, competencia e resiliencia do tecido empresarial e creativo do sector audiovisual. En particular, é un dos proxectos do investimento denominado Programa de fomento, modernización e dixitalización do sector audiovisual, dirixido a desenvolver un plan de actuación global que transforme o actual ecosistema audiovisual español no seu conxunto. Este proxecto conta, entre outros, coa participación das comunidades autónomas tras as transferencias dos pertinentes fondos para convocatorias públicas de axudas. Deste xeito, as comunidades autónomas receptoras deste financiamento deberán destinar os créditos a entidades públicas e privadas no seu ámbito territorial.

2. En data 20 de marzo de 2024, DOG núm. 57, publicouse a Resolución do 7 de marzo de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións a salas de exhibición cinematográfica establecidas en Galicia para proxectos de innovación, funcionamento dixitalizado e sustentable, creación e fidelización de públicos e adaptación aos novos hábitos de consumo audiovisual, ao abeiro dos fondos de NextGenerationEU e do Mecanismo de recuperación e resiliencia do Regulamento (UE) 2021/241, e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento CT207M).



3. O día 21 de abril do 2024, rematado o prazo de presentación de solicitudes, relacionadas no **Anexo I**, procédese ao seu estudo, xunto coa documentación complementaria presentada e se realizan os pertinentes requirimentos.

4. Como resultado da xestión de comprobación, establécese que a solicitude que se relaciona no **Anexo II** non continúa no proceso por non contestar ao requirimento practicado, polo que se declara desistida do procedemento.

5. Os expedientes que se relacionan no **Anexo III** son remitidos á comisión de valoración para que, en aplicación dos criterios establecidos no artigo 16 das bases da convocatoria, sexan avaliados.

6. O 6 de xuño do 2024, reúnense a comisión de avaliación para estudo e análise das solicitudes susceptibles de ser subvencionadas.

Rematada esta reunión, a comisión de avaliación remite a Acta-informe coa relación de solicitudes e a puntuación acadada por cada unha delas en aplicación dos criterios de avaliación establecidos nas bases. Esta relación coa puntuación expresada de maior a menor, determina a orde de prelación das persoas susceptibles de ser beneficiarias e reflíctese **no anexo IV**.

7. O día 14 de xuño de 2024 o Director da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) tras a instrución do expediente, emite a proposta de resolución de concesión de axuda, que reflicte as entidades propostas para ser subvencionadas co importe asignado a cada unha delas, tal e como se recolle no anexo V e elévaa á Presidencia da Agadic.

## CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O artigo 18 das bases reguladoras da convocatoria sinala que, o órgano instrutor elaborará a proposta definitiva indicando o número de solicitudes susceptibles de ser subvencionadas e o importe de subvención que lle corresponde a cada unha delas. Esta proposta será elevada á presidencia da Agadic quen deberá ditar resolución expresa no prazo de quince días dende a data de elevación da proposta de resolución.



2. Estas axudas fináncianse cun crédito total de 380.000 euros imputables á aplicación orzamentaria 10.A1.432B.770.1 do código de proxecto 2021 00004.
3. A distribución do crédito entre as persoas propostas de ser beneficiarias realízase en base ao crédito xeral dispoñible, á intensidade dos límites sinalados no artigo 3 das bases da convocatoria, o importe do proxecto e ao importe solicitado polos interesados.
4. Tendo en conta todo o anterior, as solicitudes propostas para ser subvencionadas acadan un importe de axuda igual ao solicitado, dando como resultado un crédito sobranse da convocatoria de 247.840 €.

Examinada a proposta de resolución, e de conformidade con ela,

## RESOLVO

1. Declarar o desistimento da solicitude que se relaciona no **Anexo II**.
2. Admitir as solicitudes que se relacionan no **Anexo III** por cumprir os requisitos establecidos pola convocatoria.
3. Conceder a subvención, polos importes que se expresan, ás entidades solicitantes que se relacionan no **Anexo V**.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, consonte á Lei 4/2008 do 23 de maio, de Creación da Axencia Galega das Industrias Culturais e a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e contra dela poderase interpor os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

- a) Recurso potestativo de reposición ante o presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais O prazo para interpor o recurso de reposición será dun mes, se o acto fose expreso ou desde o día seguinte a aquel en que se tivera producido o acto presunto. Transcorrido o dito prazo, unicamente se poderá interpor recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, de ser o caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión. Se o acto non fose expreso, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpor recurso de reposición



en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Notifíquese á resolución as entidade interesadas, de conformidade co establecido na Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O Presidente do Consello Reitor da Agadic

José Carlos López Campos



## ANEXO I

## RELACIÓN DE SOLICITUDES RECIBIDAS

Nº DE EXPEDIENTE	PERSOA SOLICITANTE	NIF
CT207M/2024/01	RUTA DE COMUNICACIONES SL	B36456200
CT207M/2024/02	SANTIAGO DÍAZ GARCÍA	***5351**
CT207M/2024/03	NOCTURAMA SL	B70577481
CT207M/2024/04	SÉPTIMO ARTE, S.L.	B36624336
CT207M/2024/05	NUMAX S.COOP. GALEGA	F70402490
CT207M/2024/06	ANA SALGUEIRO MARTINEZ	***6354**
CT207M/2024/07	SONS GALICIA COMUNICACIÓN, S.L.	B27193093



## ANEXO II

## RELACIÓN DE SOLICITUDES NON ADMITIDAS E DESISTIDAS

Nº DE EXPEDIENTE	PERSOA SOLICITANTE	NIF	CAUSA
CT207M/2024/06	ANA SALGUEIRO MARTINEZ	***6354**	Desistida (artigo 8.2 das bases da convocatoria)



## ANEXO III

## RELACIÓN DE SOLICITUDES ADMITIDAS PARA AVALIACIÓN

Nº DE EXPEDIENTE	PERSOA SOLICITANTE	NIF
CT207M/2024/01	RUTA DE COMUNICACIONES SL	B36456200
CT207M/2024/02	SANTIAGO DÍAZ GARCÍA	***5351**
CT207M/2024/03	NOCTURAMA SL	B70577481
CT207M/2024/04	SÉPTIMO ARTE, S.L.	B36624336
CT207M/2024/05	NUMAX S.COOP. GALEGA	F70402490
CT207M/2024/07	SONS GALICIA COMUNICACIÓN, S.L.	B27193093



**ANEXO IV**  
**SOLICITUDES POR ORDE DE PRELACIÓN SEGUNDO A PUNTUACIÓN OBTIDA**

Nº DE EXPEDIENTE	PERSONA SOLICITANTE	NIF	Puntuación		
			CRITERIOS AUTOMÁTICOS	CRITERIOS TÉCNICOS	TOTAL
CT207M/2024/05	NUMAX S.COOP. GALEGA	F70402490	32	48	80
CT207M/2024/04	SÉPTIMO ARTE, S.L.	B36624336	31	47,5	78,5
CT207M/2024/03	NOCTURAMA SL	B70577481	25	45,5	70,5
CT207M/2024/07	SONS GALICIA COMUNICACIÓN, S.L.	B27193093	27	40,5	67,5
CT207M/2024/01	RUTA DE COMUNICACIONES SL	B36456200	26	36	62
CT207M/2024/02	SANTIAGO DÍAZ GARCÍA	***5351**	24	37	61





## ANEXO V

## SOLICITUDES BENEFICIARIAS

Nº DE EXPEDIENTE	PERSONA SOLICITANTE	NIF	IMPORTE		
			Importe do proxecto	Subvención solicitada	Subvención concedida
CT207M/2024/05	NUMAX S.COOP. GALEGA	F70402490	27.000	21.600	21.600
CT207M/2024/04	SÉPTIMO ARTE, S.L.	B36624336	49.861,99	31.200	31.200
CT207M/2024/03	NOCTURAMA SL	B70577481	30.043	24.000	24.000
CT207M/2024/07	SONS GALICIA COMUNICACIÓN, S.L.	B27193093	32.000	24.000	24.000
CT207M/2024/01	RUTA DE COMUNICACIONES SL	B36456200	26.400	21.000	21.000
CT207M/2024/02	SANTIAGO DÍAZ GARCÍA	***5351**	12.950	10.360	10.360

